

The page features four large, empty circles of varying sizes scattered across the white background. One large circle is centered in the upper half, containing the main title. Two smaller circles are positioned in the lower-left and lower-center areas, and a fourth circle is partially visible in the top-right corner.

Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010

Gamelán, asociación pedagóxica e cultural

Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010

Gamelán, asociación pedagóxica e cultural

Índice

1. Presentación: Gamelán, entidade de acción voluntaria.....	3
2. Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010.....	4
a. Marco xurídico.....	4
b. Principios básicos da acción voluntaria de Gamelán.....	4
c. Finalidade das accións voluntarias.....	4
3. Gamelán e os seus voluntarios.....	6
a. Obrigas da asociación Gamelán.....	6
b. O voluntariado.....	7
c. Dereitos dos voluntarios.....	7
d. Deberes dos voluntarios.....	7
e. Protocolo do equipo de voluntariado.....	8
i. Información.....	8
ii. Incorporación.....	8
iii. Acollida e formación.....	8
iv. Seguimento.....	9
v. Participación na organización.....	9
4. Liñas de intervención, programas e proxectos.....	10
a. Liña de actuación 1: elaboración de materiais.....	10
b. Liña de actuación 2: programas de voluntariado.....	10
c. Liña de actuación 3: formación básica do voluntariado.....	10
d. Outras actuacións posibles.....	10
5. Indicadores de avaliación do Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010.....	12

Presentación: Gamelán, entidade de acción voluntaria

Gamelán é unha asociación pedagóxica e cultural sen ánimo de lucro inscrita dende o ano 2004 no rexistro de **Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia** (nº 0-309) a través do seu programa de voluntariado “Coa música a outra parte”, onde voluntarios de toda España poden participar nun campamento infantil nos meses de verán.

O programa consiste no desenvolvemento dun campamento infantil con actividades creativas e musicais nas instalacións dun colexio da cidade de Coruña durante os meses de verán e contempla os gastos de transporte, aloxamento e manutención dos voluntarios.

O principal eido de intervención voluntaria da asociación Gamelán é o lecer e o tempo libre, Sen embargo, a actuación xeral de Gamelán contempla outros eidos nos que espallar a súas accións voluntarias como son a educación, a cultura, a defensa dos dereitos da infancia e a saúde, ou indo máis alí, a cooperación internacional no eido da infancia. Todos eles, eidos que segundo o art. 4 da Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia son de interese xeral.

Por este motivo, Gamelán pretende recoller un Plan Xeral que defina o compromiso da asociación co seu voluntariado e unha maior gama de programas e proxectos de voluntariado.

Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010

O Plan Xeral do Voluntariado de Gamelán é unha ferramenta para o impulso e a continuidade da intervención social voluntaria da asociación durante o período 2009-2010.

O seu obxectivo principal é definir a liña estratéxica da asociación cara o compromiso voluntario, establecer un protocolo de incorporación e seguimento de voluntarios e indicar o seu rol dentro da asociación.

Marco xurídico

- **Lei 6/1996 de 15 de xaneiro do Voluntariado Social:** regula as actuacións voluntarias dos cidadáns dirixidas á satisfacción de necesidades de interese xeral e especialmente a erradicación de situación de discriminación.
- **Lei 3/2000 do 22 de decembro do voluntariado de Galicia** (Diario Oficial de Galicia, nº 250, do 28 de decembro de 2000): garante a liberdade de traballo voluntario e favorece o recoñecemento desta labor a nivel social, supera o concepto tradicional de voluntario, moitas veces asimilado ó eido puramente asistencial e deslinda o traballo voluntario de calquera forma retribuída de servizos.

Principios básicos da acción voluntaria de Gamelán

A actuación do voluntariado da asociación Gamelán fundaméntase nos seguintes principios (dacordo co art. 6 da Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia):

- Os cidadáns poden participar dun xeito **libre, altruísta e responsable** en actividades de interese xeral.
- Esta participación ten a súa base na **solidariedade** con persoas e grupos sociais, procurando a integración activa de todos na sociedade.
- A participación é **autónoma e independente** respecto ós poderes públicos e **respeita as conviccións e crenzas das persoas**.
- A acción voluntaria enténdese como **complementaria** ó traballo profesional e o máis **próxima** posible ós cidadáns quen atende.

Finalidade das accións voluntarias

Os fines da actuación voluntaria da asociación Gamelán son (dacordo co art. 5 da Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia):

- Desenvolver **programas** en eidos de interese xeral con especial incidencia no eido educativo e social.

- Promover **valores** sociais e culturais.
- Previr **situacións de exclusión social** no colectivo infantil e contribuír a eliminación dos obstáculos que impiden a igualdade.
- Promover a **defensa dos dereitos** e intereses dos cidadáns, especialmente do colectivo infantil.

Gamelán e os seus voluntarios

Ser voluntario é unha decisión propia, libre e autónoma. Seica hai situacións específicas como a non esquecida desgraza do *Prestige*, que impulsan á xente cara o movemento sen ánimo de lucro, entregando os seus esforzos desinteresadamente por unha causa que consideran xusta e propia. Máis tamén hai outras necesidades sociais que atopan xente disposta a ofrecer voluntariamente os seus servizos.

O destinatario principal da intervención social de Gamelán é o colectivo infantil, de aí que o compromiso do voluntariado da nosa asociación sexa coa resposta ás necesidades sociais dos nenos e nenas.

Obrigas da asociación Gamelán

Gamelán, como entidade de acción voluntaria ten as seguintes obrigas (art. 8 da Lei 3/2000 de Voluntariado de Galicia):

- **A asociación e os seus voluntarios:** Gamelán **informará** ás persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento de Gamelán. Cumprirá os **compromisos** adquiridos coas persoas voluntarias no acordo de incorporación das mesmas á organización da acción voluntaria. Gamelán levará un **rexistro de altas e baixas** das persoas voluntarias e **certificará** a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos, a duración e a natureza da actividade desenvolvida. Gamelán proporcionará ás persoas voluntarias a **formación específica** e a orientación necesaria para o exercicio da súas actividades.
- **Actividades de acción voluntaria:** Gamelán efectuará o **seguimento e avaliación** das actividades programadas, na procura da consecución dos obxectivos previstos. Gamelán dotará ás persoas voluntarias dos **medios e recursos axeitados** para o cumprimento das súas funcións. Gamelán cubrirá os **gastos** das persoas voluntarias derivadas do desenvolvemento da súa actividade. Gamelán suscribirá unha **póliza de seguro** que cubrirá tanto os danos ocasionados ás persoas voluntarias como a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado. Ademais, Gamelán garantirá ós voluntarios as debidas condicións de **seguridade e hixiene** no desenvolvemento das súas actividades, establecendo as correspondentes medidas de prevención de riscos.
- **Participación do voluntariado na asociación:** Gamelán responderá ós principios democráticos e **participativos** na composición dos seus órganos e funcionamento. Gamelán facilitará a **participación** do voluntariado na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñan.

O voluntariado

Considéranse voluntarias ás persoas que desenvolvan actividades da asociación dun **xeito altruísta, desinteresado e solidario, cun carácter voluntario e libre** (art. 13 da Lei 372000 de Voluntariado de Galicia), **que non reciban unha contraprestación económica** (art. 3 da Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia) e que a súa actividade se realiza segundo unha **programación**, non accións ailladas ou esporádicas. Ademais, poderán ser voluntarios aqueles menores de idade que participen en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados as súas características, mediante a súa vontade e a autorización expresa dos seus pais, tutores ou a institución que os teña ó seu cargo.

Non poderán ser consideradas como voluntarios, as persoas que desenvolvan actividades como consecuencia dunha relación laboral ou mercantil.

Dereitos das persoas voluntarias (art. 14 da Lei 3/2000 de Voluntariado de Galicia):

- Ser tratadas sen discriminación, respetando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Recibir a orientación, apoio e formación necesaria para o exercicio da súa actividade.
- Participar activamente na organización de Gamelán dacordo cos seus estatutos, colaborando na planificación, deseño, execución e avaliación dos programas nos que colaboran.
- Estar aseguradas polos riscos que podan derivarse do exercicio da actividade voluntaria, polos capitais que reglamentariamente se establezan.
- Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntarios.
- Realizar as súas actividades en condicións de seguridade e hixiene.
- Ser reembolsados os gastos que poda ocasionarlles a actividade de voluntariado.
- Dispoñer dos medios e recursos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.
- Recibir certificacións da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado, que poderán ser obxecto de valoración no seu currículo e servir como recoñecemento de valor social.
- Cesar libremente na súa condición de persoa voluntaria.
- Obter o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- No serlle asignadas tarefas alleas á natureza e ós fins de Gamelán.

Deberes das persoas voluntarias (art. 15 da Lei 3/2000 de Voluntariado de Galicia):

- Cumprir os compromisos acordados con Gamelán, respetando os seus estatutos.
- Gardar a confidencialidade respecto á información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade.
- Rexeitar toda clase de contraprestación económica ou material que poda serlles ofrecida polos beneficiarios da acción voluntaria ou outras persoas en virtude da súa actuación.
- Actuar de xeito dilixente, responsable e solidario na execución das tarefas que lle sexan encomendadas, seguindo as instrucións que se lle impartan.

- Respetar os dereitos e crenzas das persoas beneficiarias.
- Participar nas actividades de formación establecidas pola organización.
- Observa-las medidas de seguridade e hixiene que se adoiten.
- Coidar e facer un bo uso dos recursos materiais que a asociación Gamelán poña a súa disposición para o desenvolvemento da súa actividade, así como empregar debidamente as acreditacións e distintivos da organización.

Protocolo do equipo de voluntariado

O equipo de voluntariado estará formado por unha persoa responsable da asociación e por tódolos voluntarios.

O responsable do voluntariado da asociación garantirá o seguemento deste Plan Xeral de Voluntariado, o procedemento de protocolo mailo rexistro de altas e baixas e o seguimento dos voluntarios.

- **Información**

Mediante una entrevista persoal ou reunión en grupo, a asociación Gamelán informará a aquelas persoas interesadas en desenvolver accións de voluntariado. Presentarase a asociación, os seus fins e obxectivos, a súa forma de traballo e mailos seus programas e proxectos.

Así mesmo, Gamelán contará cun dossier de información da asociación e os seus fins e mais un dossier do seu Plan Xeral de Voluntariado e os programas específicos. Estes dossieres serán de consulta libre por parte dos voluntarios da asociación.

- **Incorporación**

A incorporación das persoas voluntarias a Gamelán formalizarase por escrito mediante acordo de compromiso, no que se determine o carácter altruísta da relación. Este acordo deberá recoller (art. 11 da Lei 3/2000 de Voluntariado de Galicia): os fins e obxectivos de Gamelán, o contido das funcións, actividades e tempo de adicación ás mesmas ás que se comprometen a realizar as persoas voluntarias, a duración do compromiso e as causas e formas de resolución do mesmo por ámbalas dúas partes, a formación requerida para o desenvolvemento das actividades recomendadas e o procedemento a seguir para adquirila e o conxunto de dereitos e deberes de Gamelán e máis do voluntario.

Modelo de folla de incorporación.

Rexistro de altas e baixas

- **Acollida e formación**

Cando unha persoa se incorpore como voluntaria na asociación Gamelán, recibirá orientación sobre o “voluntariado” e formación cara os seus servizos.

A orientación serviralle para entender os seus dereitos e deberes e especificar o seu compromiso coa asociación.

A formación facilitaralle o desenvolvemento das competencias que requiren os seus servizos nos programas de voluntariado da asociación.

- **Seguimento**

O responsable da asociación Gamelán fará un seguimento da actividade dos voluntarios da asociación, ofrecendo apoio e orientación e servindo como punto de enlace entre estes e os órganos decisores da asociación en relación a situación, necesidades e intereses dos voluntarios.

- **Participación na organización**

Mediante reunións ou encontros, os voluntarios da asociación participarán na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas e proxectos de voluntariado nos que interveñan.

Así mesmo, poderán propoñer iniciativas para programas e proxectos a desenvolver pola asociación.

Finalmente, a asociación Gamelán elaborará certificados de participación dos seus voluntarios atendendo ós programas e proxectos nos que participaran.

Liñas de intervención, programas e proxectos

Dende este Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010, establécense as seguintes liñas de actuación por parte da asociación:

1. Elaborar materiais escritos sobre a labor voluntaria da asociación Gamelán.
2. Desenvolver programas de voluntariado no eido educativo, cultural e de lecer e tempo libre.
3. Ofrecer unha formación básica do voluntariado para o desenvolvemento dos seus servizos.

Liña de actuación 1: Elaboración de materiais

- **Programa de Organización do Voluntariado de Gamelán:**
 - Obxectivos: elaborar os materiais necesarios para aclarar a organización do voluntariado da asociación.
 - Actividades: rexistro de altas e baixas, dossier de información da asociación e os seus fins, Dossier do Plan Xeral de Voluntariado, Programas específicos de voluntariado, tríptico informativo da asociación, actualización do Plan Xeral de Voluntariado de acordo coas leis vixentes (en 2009 entrará en vigor unha nova lei de Voluntariado de Galicia).

Liña de actuación 2: Programas de Voluntariado

- **Programa de lecer “Coa música a outra parte”:**
 - Obxectivo xeral: atender ó colectivo infantil na época de verán, intervindo no eido do lecer e o tempo libre.
 - Actividades: campamento de verán de actividades musicais e creativas.

Liña de actuación 3: Formación Básica do Voluntariado

- **Programa formativo “Voluntariado de calidade”:**
 - Obxectivo xeral: favorecer o desenvolvemento das competencias das persoas voluntarias da asociación para a realización das súas funcións.
 - Actividades: detección das necesidades formativas, impartición de accións formativas sobre contidos de voluntariado e funcións específicas, asistencia a foros, cursos, xornadas e congresos.

Outras actuacións posibles

- **Programa de Elaboración de materiais didácticos:**

- Obxectivos: editar e revisar os materiais didácticos sobre o voluntariado.
- Actividades: edición de material didáctico sobre o voluntariado, seguimento de libros de texto e outros materiais

- **Programa de sensibilización do voluntariado:**
 - Obxectivo xeral: sensibilizar e comprometer á sociedade co movemento voluntario e os valores que representa:
 - Actividades: difusión das actividades voluntarias da asociación (campañas, puntos de información, folletos informativos), aparición en medios de comunicación, difusión do sentido do voluntariado a través de accións en centros educativos, bibliotecas e centros cívicos, organización de debates sobre o papel do voluntariado, investigacións e publicacións, implicación de actores públicos (axudas e subvencións) e privados (empresas e outras asociacións), celebración do día internacional do voluntariado, recoñecemento da labor voluntaria.

- **Programa de formación do profesorado no eido do voluntariado.**
 - Obxectivo xeral: formar ó profesorado en temas de voluntariado dacordo coas programacións didácticas.
 - Actividades: deseño de unidades didácticas sobre o voluntariado, deseño de contidos transversais para desenvolver nos centros educativos.

Indicadores de avaliación do Plan Xeral do Voluntariado 2009-2010

A avaliación da actuación da asociación Gamelán cara o voluntariado seguirán os seguintes criterios e indicadores, partindo da observación, o rexistro por escrito, enquisas de valoración e entrevistas persoais:

Voluntarios da asociación

- Número de voluntarios
- Datos a destacar: idade, sexo, formación, ocupación, residencia¹
- Número de horas que colaboran os voluntarios
- Avaliación da asociación feita por parte dos voluntarios
- Número de interesados na labor da asociación

Programas e proxectos realizados

- Campamento de verán
 - Datos estadísticos do Voluntariado: idade, sexo, formación, ocupación, residencia.
 - Valoración da actividade.
- Número de accións formativas do voluntariado
- Avaliación das accións formativas do voluntariado
- Outras actividades realizadas

Organización

- Número de materiais da organización elaborados
- Nivel da actualización dos materiais da organización
- Relación con outras institucións: entidades públicas, empresas, fundacións, asociacións, ONG.

¹ Estes datos, ademais de atender a lei de protección de datos persoais, refírense a necesidade de crear un rexistro de voluntarios dacordo coa liña de intervención do III Plan Estatal do Voluntariado (2005-2009) e o Centro Europeo do Voluntariado.